



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro n° 1. E-mail:
mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com
36995. Poio (Pontevedra).
Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SESENTA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e seis de xullo de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Xosé L. Martínez Blanco, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D^a. María Celeste Nieto García, D. Ángel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D^a. María del Mar Villaverde Rosales, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste en calidade de Interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez; asiste como Secretario Xeral D. Jacobo Barreiro Pimentel, reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3557.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 457, 458 E 459.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación das actas anteriores números 457, 458 e 459, non subscitándose debate ningún, esta quedou aprobada por unanimidade.

3558.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á Corporación do estado de execución dos asuntos precedentes e que son as que seguen: "3539.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3540.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E PERIODICIDADE DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3541.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3542.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DOS REPRESENTANTES DOS CONSELLOS MUNICIPAIS DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL, MULLER, CULTURA E DEPORTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3543.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE PONTEVEDRA-O MORRAZO.- Uniuse certificación do acordo expediente e notificouse á Asociación de Desenvolvemento Rural; 3544.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Mancomunidade Terras de Pontevedra; 3545.- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN E DESIGNACIÓN DE MEMBROS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos compoñentes; 3546.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPO POLÍTICO E DESIGNACIÓN VOCEIROS/AS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3547.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade; 3548.- MODIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E NOMEAMENTO NOVOS COMPOÑENTES DA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos compoñentes; 3549.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DELEGACIÓNS ESPECIAIS, NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE, NOMEAMENTO PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DELEGACIÓN DA PRESIDENCIAS DOS CONSELLOS MUNICIPAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3550.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA XUNTA DIRECTIVA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA GAC-6 RÍA DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Grupo de Acción Costeira; 3551.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DOS REPRESENTANTES NA COMISIÓN MIXTA CONSORCIO-CONCELLO E CONSELLO ESCOLAR DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; 3552.- APROBACIÓN DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN ASÍ COMO O RÉXIME DAS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E ASIGNACIÓNS GRUPOS POLÍTICOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Intervención e Tesourería Municipal; 3553.- DESIGNACIÓN DE MEMBROS NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL, CONSELLOS ESCOLARES E IES DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados.; 3555.- CONTRATACIÓN, EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa adxudicataria e licitadores; 3556.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE CAMBIO DE FINALIDADE DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA APROBADA NOS ORZAMENTOS DO 2011 AO CLUB DO MAR BUEU.- Uniuse certificación do acordo ao expediente.”.

A corporación dáse por enterada.

3559.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposicións dos/as concelleiros/as, xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A corporación dáse por enterada.

3560.- SECRETARÍA, PROPOSTA DO CONCELLO PARA A OCUPACIÓN DA VOGALÍA DA SECCIÓN 2ª NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta á corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de

xullo de 2011 e que di: "Inicia o exame deste punto a secretaria dando traslado aos asistentes da comunicación recibida con data 6 de xullo de 2011, número rexistro de entrada 3843, do Delegado de Economía e Facenda en Pontevedra na súa condición de Presidente do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra de 1 de xullo de 2011, polo que se pon en coñecemento do Concello que en virtude do art. 14.5.e) do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, formarán parte dos Consellos Territoriais da Propiedade Inmobiliaria como vogais, un representante do conxunto de concellos cuxa poboación de dereito sexa igual ou inferior a 20.000 habitantes do ámbito do Consello Territorial de Pontevedra. Achegan para tal efecto á comunicación, relación do municipios incluídos dentro dese ratio de poboación.

A proposición de nomeamento deberá ser remitida no prazo dos 90 días seguintes á celebración das eleccións locais (art. 4 da Orden de Economía e Facenda EHA/2386/2007 de 26 de xullo).

O Presidente da Comisión propón a designación do propio Concello de Poio e do Concello de Bueu.

Non existindo debate ningún, en votación ordinaria, e en cumprimento da normativa de referencia, polo voto favorable da totalidade dos seus membros 8 (4 grupo municipal BNG, 3 grupo municipal PP e 1 PSOE-PSg), a Comisión adoptou o seguinte ditame:

Primeiro.- Designar como representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, dos concellos con poboación igual ou inferior aos 20.000 habitantes, ao Concello de Poio e ao Concello de Bueu.

Segundo.- Dar conta do acordo á Delegación de Economía e Facenda en Pontevedra."

Non suscitándose debate ningún o pleno da corporación por unanimidade de asistentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Designar como representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, dos concellos con poboación igual ou inferior aos 20.000 habitantes, ao Concello de Poio e ao Concello de Bueu.

Segundo.- Dar conta do acordo á Delegación de Economía e Facenda en Pontevedra.

3561.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 15/2011, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta á corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de xullo de 2011 e que di: "O Presidente da Comisión eleva á consideración dos seus membros a proposta de Alcaldía de 13 de xullo de 2011 de modificación orzamentaria, expediente nº 15/2011, de transferencia de crédito por importe de 162.360,46 euros así como de cambio de finalidade dos remanentes de tesourería para gastos con financiamento afectada relacionados na Providencia da Alcaldía de 13 de xullo de 2011.

Consta no expediente reparo formulado pola intervención de data 13 de xullo de 2011.

Abre o debate o Presidente da Comisión que xustifica a modificación proposta por canto afecta a obras que non se van a realizar e pola contra posibilitará a tramitación e pago de facturas.

Toma a palabra D. Javier Domínguez Lino quen comenta cós membros asistentes que é hora de tomar en serio a situación económica do Concello. Segundo manifesta, non se trata de pagar facturas senón de facer fronte a gastos sen crédito presupostario temendo en tal sentido todas as obrigas que terá que asumir a facenda municipal como consecuencia da "resaca electoral". Polo que instan a que se racionalice o gasto público, xa que teñen xa esgotado o remanente de tesourería para gastos xerais, agora van a facer o mesmo có remanente de tesourería para gastos con financiamento afectada e terminarán por acabar coa liquidez do concello.

O Presidente responde que as súas palabras lle resultan contraditorias co seu discurso anterior, cando fai dous nos reclamaba a aplicación do remanente para facer máis inversións.

D. Javier Domínguez Lino quere deixar constancia que dos remanentes cuxa afectación quere agora variarse o seu destino, teñen dado lugar ao pago de intereses procedentes das operacións de endebedamento solicitadas para a execución das obras.

D. Xulio Barreiro Lubián reitera que ante a decisión de non proceder a levar a cabo ditas obras é preferible dar trámite as facturas para que podan ser abonadas nun prazo prudencial. Engade que os axustes orzamentarios que se están e se desenvolverán, veñen esixidos polo entorno actual de crise e non polo que poda pedir o grupo municipal do PP.

Rematado o debate e sometido a votación, por cinco votos a favor (4 grupo municipal BNG e 1 PSOE-PSg) e tres votos en contra (3 grupo municipal PP), adoptou o seguinte ditame:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 15/2011, mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 162.360,46€ nos seguintes termos:

Aplicacións a minorar:

APLICACION	CONCEPTO	IMPORTE
164.60900	Cemiterios. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao	28.996,67€

	uso xeral	
334.60900	Cultura. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral (Investimentos Casa Cultura Raxó)	11.019,30€
231.63200	Acción social. Edificios e outras construcións	12.730,88€
171.60900	Parques e xardíns. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xera (Parque Memoria)	4.363,10€
342.63200	Deportes. Investimentos de reposición en edificios e outras construcións destinados ao funcionamento dos servizos	3.577,52€
165.63900	Alumado público. Outros investimentos de reposición destinados ao funcionamento dos servizos	5.672,99€
336.61900	Protección patrimonio histórico artístico. Traballos de reposición en bens destinados ao uso xeral	96.000,00€
	TOTAL	162.360,46€

Aplicacións a incrementar:

APLICACION	CONCEPTO	IMPORTE
161.62900	Saneamento, abastecemento e distribución auga. Outros investimentos	18.722,13€

	novos asociados ao funcionamento dos servizos	
161.63900	Saneamento, abastecemento e distribución auga. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento dos servizos	19.443,95€
162.62500	Recollida, tratamento e eliminación de residuos. Mobiliario	10.690,80€
171.60900	Parques e xardíns. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	4.476,39€
171.62500	Parques e xardíns. Mobiliario	454,30€
172.62500	Medio ambiente. Mobiliario	7.251,10€
321.62500	Ensinanza preescolar e primaria. Mobiliario	538,77
336.62900	Protección patrimonio histórico artístico. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento dos servizos	1.085,60€
453.60900	Vías e obras. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	33.979,58€
453.61900	Vías e obras. Traballos de reposición en bens destinados ao uso xeral	51.314,08€
920.62200	Administración xeral. Investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao	2.739,96€

	uso xeral edificios e construcións.	
920.62500	Administración xeral. Mobiliario	11.663,80€
	TOTAL	162.360,46€

Como se pode observar, a aplicación 171.60900 é obxecto de minoración no remanente de tesourería para gastos con financiamento afectada correspondente ao Parque da Memoria, por importe de 4.363,10€ e de incremento por importe de 4.476,39€ para atender o pago de varias facturas pendentes de recoñecemento; neste caso se entende que non se vulneran os límites previstos no Real Decreto 500/90 xa que se procede a realizar un cambio de finalidade no remanente para gastos con financiamento afectada por importe de 4.363,10€ e a incrementar a aplicación no importe da diferenza que ascende a 113,29€.

Terceiro: aprobar o cambio de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiamento afectada que se expoñen:

APLICACION	CONCEPTO	IMPORTE
164.60900	Cemiterios. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	28.996,67€
334.60900	Cultura. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral (Investimentos Casa Cultura Raxó)	11.019,30€
231.63200	Acción social. Edificios e outras construcións	12.730,88€
171.60900	Parques e xardíns. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xera (Parque Memoria)	4.363,10€
342.63200	Deportes. Investimentos de reposición en edificios e outras construcións destinados ao funcionamento dos	3.577,52€

	servizos	
165.63900	Alumado público. Outros investimentos de reposición destinados ao funcionamento dos servizos	5.672,99€

Existindo tamén crédito retido no orzamento do exercicio 2011 na aplicación 336.61900 adicado a "Obra urbanización en Combarro: fase 6ª Convenio Plan Vivenda" por importe de 96.000€, financiado con fondos propios; poñéndose de manifesto a esta Alcaldía por parte dos directores da Oficina de Rehabilitación de Combarro en informe emitido o día 11 de xullo, que obra no expediente, que no actual exercicio non é conveniente iniciar o proxecto de urbanización sen coñecemento das condicións que se fixen no futuro convenio (fase 7ª do casco histórico de Combarro).

Cuarto: unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno."

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación.

Segundo: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 15/2011, mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 162.360,46€ nos mesmos termos descritos na proposta ditaminada transcrita no presente acordo.

Terceiro: Aprobar o cambio de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiamento afectada nos mesmos termos descritos na proposta ditaminada transcrita no presente acordo.

Cuarto: Que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.

3562.- INTERVENCIÓN, CONTA XERAL EXERCICIO 2010.- De conformidade co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde solicítase a retirada deste asunto da orde do día debido a que previamente e de carácter preceptivo ten que someterse a información pública.

O pleno da Corporación por unanimidade acordou retirar o asunto da orde do día.

3563.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE POIO NO FRONTE MARÍTIMO DE RAXÓ, NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NÚM. 13- DOCUMENTO DE INICIO.- Dáse conta do expediente tramitado ao Pleno da Corporación e dos informes emitidos polos técnicos Municipais e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente: "Logo de ver a documentación remitida por AD Plan Arquitectura, Diseño y Planemiento SL o 04/05/2011 (entrada no Rexistro núm. 2502), en relación á modificación puntual do PXOM no bordo marítimo de Raxó, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

2. Achéganse tres exemplares en formato papel do documento de inicio da Modificación Puntual do PXOM no bordo marítimo de Raxó e unha copia en formato dixital.

3. A modificación puntual do PXOM xorde como consecuencia do fallo da Sentenza 01130/2007 do TSXG de 27/12/2007.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

- A modificación puntual do PXOM debe seguir o procedemento de formulación e tramitación indicados nos artigos 84º e 85º da LOUG (última redacción Lei 2/2010, do 25 de marzo).

- Segundo o artigo 84º.5 da LOUG, o municipio promotor comunicará ao órgano ambiental o acordo da formulación da modificación do PXOM, xunto co documento de inicio ao que se refire o apartado anterior.

- O documento de inicio da modificación puntual do PXOM no bordo marítimo de Raxó, contén unha memoria que desenvolve os seguintes apartados:

- Antecedentes
- Obxecto e eido da modificación puntual
- Cumprimento lexislativo
- Tramitación
- Alternativas

Contén como anexos, o texto da Ordenanza 1 do PXOM e o texto das incorporacións á Ordenanza 1 derivadas do Estudo de Detalle do Bordo Marítimo de Raxó. A documentación gráfica contén un plano de estado actual do PXOM (plano 01) e un plano de proposta (plano 02).

O documento de inicio cumpre os requisitos esixidos no art. 18º da Lei 9/2006, do 28 de abril.

- A proposta de ordenación consiste en cambiar a cualificación do terreo como solo urbano non consolidado á cualificación de solo urbano consolidado, aplicar a Ordenanza 1 de

edificación e definir a liña de edificación consolidada. Todo isto en cumprimento do fallo da Sentenza do TSXG antedita.

INFORME

Polo exposto, informo favorablemente o documento de inicio da modificación puntual do PXOM para a súa remisión ao o órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non á avaliación ambiental estratéxica. Previamente, o Concello deberá de acordar a formulación da modificación puntual do PXOM para remitir o correspondente acordo á consellería competente segundo o artigo 84º.5 da LOUG.

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente: " Visto o expediente de urbanismo de Modificación Puntual do PXOM do Polígono 13 de Solo Urbano non Consolidado en Raxó, e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), informo o que segue:

PRIMERO: Con data 4 de maio de 2011 ten entrada no Concello un escrito asinado por D. Alfredo Díaz Grande, arquitecto en representación de "A.D.PLAN. ARQUITECTURA, DISEÑO E PLANEAMIENTO, S.L.P.", ó que xunta o proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Poio no fronte marítimo de Raxó (documento de inicio), coa finalidade de executa-la sentenza dictada no seu día polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 26 de decembro de 2007, núm. 1130/2007, recaída no procedemento ordinario 0005026/2000, da Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo e cualificar dentro do solo urbano consolidado o solo urbano non consolidado do Polígono núm. 13 de Raxó.

2º.- Con data 12 de maio de 2011, a arquitecto municipal emite informe favorable ao documento de inicio da modificación puntual que se pretende, para a súa remisión ao órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non a avaliación ambiental estratéxica e indicando igualmente que o Concello, previamente, deberá acordar a formulación da Modificación Puntual do PXOM, para remitir o documento de inicio co correspondente acordo plenario que se adopte á Consellería competente, de conformidade co disposto no artigo 84.5 da LOUGA.

3º.- O artigo 84.5 da LOUGA, na súa redación dada pola Lei 2/2010, establece o procedemento a seguir para a avaliación ambiental e estratéxica, correspondendo ao municipio promotor da modificación puntual comunicar ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio.

Por todo isto, tendo en conta que a modificación puntual á que se refire este expediente foi promovida polo Concello de Poio, contratando con dito arquitecto os traballos da modificación puntual, debe darse conta ao Pleno do Concello do Documento de Inicio da Modificación Puntual, prestando aprobación ao mesmo, por maioría absoluta, facultando ao Sr. Alcalde para remitir o documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral Calidade e Avaliación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non

da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e remitindo no seu caso ao Concello o Documento de Referencia, todo isto previo dictame da comisión informativa de urbanismo."

Informe emitido polo Secretario Xeral: " Asunto: modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal do PXOM do Concello de Poio no fronte marítimo de Raxó, solo urbano non consolidado do PXOM. Núm.13..

Jacobo Barreiro Pimentel, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente á Secretaría, categoría de entrada, Secretario Xeral do Concello de Poio, en cumprimento do establecido nos arts. 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de abril, emito o seguinte

INFORME

• **Antecedentes de feito.**

Sentenza ditada por o Tribunal Superior de xustiza de Galicia o 26 de decembro de 2007, núm 1130/2007, recaída no procedemento ordinario 0005026/2000., da sección segunda da Sala do Contencioso administrativo.

Informe da arquitecta municipal de data 12 de maio de 2011.

Informe do asesor xurídico da Corporación de 24 de maio de 2011.

1. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alteración do planeamento: requisitos.

De conformidade co art. 93 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a alteración de planeamento require do cumprimento dunha serie de requisitos:

a) Alcance da alteración: revisión ou modificación.

Segundo o informe técnico de data 12 de maio de 2011 "A proposta de ordenación consiste en cambiar a cualificación do terreo como solo urbano non consolidado, aplicar a Ordenanza 1 de edificación e definir a liña de edificación consolidada. Todo isto en cumprimento do fallo da Sentenza do TSXG antedita."

Non apreciándose a concurrencia de circunstancia ningunha das previstas no parágrafo segundo do medionado precepto, a alteración proposta debe ser considerada como modificación aínda que poda supoñer cambio aislado na clasificación, calificación do solo ou delimitación de polígonos (art. 93.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro).

b) Interese xeral.

O art. 94.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro establece:

"Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas
"

En atención ao contido transcrito do informe técnico de 12 de maio de 2011, o obxecto da modificación cumpriría coas determinacións propias da Lei 9/2002, do 30 de decembro para modificacións puntuais, dado que a modificación proposta ten a súa orixe na Sentencia ditada por o Tribunal Superior de xustiza de Galicia , tal e como se cita nos antecedentes de feito.

c) Outros requisitos.

c.1) Incremento da intensidade de uso.

Se a modificación incrementa a intensidade de uso conforme o art. 94.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, terase que incluír novas dotacións públicas de acordo cos estándares do art. 47.2º debendo emprazarse no mesmo distrito ou sector si se trata de solo urbano ou urbanizable.

O informe técnico do 12 de maio de 2011 nada dí acerca deste particular:

Segunda.- Procedemento.

O art. 93.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, impón para tramitación da modificación dos planes xerais, observar as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, non sendo necesario obter informe previo á aprobación inicial ó que se refire o art. 85.1º da lei sempre e cando a alteración non implique reclasificación del suelo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin altere os sistemas xerais.

Debemos ter en conta que o artigo 84.5 da LOUGA , na súa redacción dada por a Lei 2/2010, establece o procedemento a seguir para a avaliación ambiental estratéxica regulando que; "O municipio promotor do plan xeral comunicará o órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio a que se refire o apartado anterior. No prazo de dous meses dende que reciba a documentación completa, o órgano ambiental dará traslado ao concello promotor da amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do informe de sostibilidade ambiental, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ao público interesado, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio. A determinación da amplitude e nivel de detalle do informe de sostibilidade ambiental comunicaranse ao órgano promotor mediante un documento de referencia que incluírá ademais os criterios ambientais estratéxicos e indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sostibilidade aplicables en cada caso. Igualmente, deberá informarse, se é o caso, da congruencia cos instrumentos establecidos na Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia."

A continuación unha vez remitido o documento de inicio o órgano ambiental , para que adopte a decisión que corresponda sobre o sometemento ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006. Se seguirá o procedemento establecido no artigo 85 da Lei 9/2002, modificada por a Lei 2/2010.

O órgano competente para levar a cabo a aprobación inicial e

provisional é o Pleno

O artigo 22.2º .c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño polo que se aproba o texto redundado da Lei do solo, establece que corresponde en todo caso ao Pleno.

"...c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calesquera de ditos instrumentos".

Dito acordo deberá ser adoptado polo Pleno por maioría absoluta do seu número legal de membros segundo o artigo 47.2º.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

A vista do anteriormente exposto , de conformidade con os Informes obrantes no expediente , informo que , debe darse conta o Pleno da corporación do Documento de Inicio da Modificación Puntual , prestando aprobación ao mesmo, por maioría absoluta, debendo remitir o Documento de Inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Calidade e Evaluación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda acerca do sometemento , ou non, da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica

Debendo darse conta o Pleno da corporación do Documento de Inicio da Modificación Puntual, previo dictame da comisión de urbanismo, prestando aprobación ó mesmo por maioría absoluta."

A Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 19 de xullo de 2011 emitiu o seguinte ditame:

Primeiro: Formula-la modificación puntual do PXOM e Informar favorablemente a o Documento de Inicio da Modificación Puntual, e que se pase ó Pleno do Concello para a súa aprobación e posterior remisión do mesmo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral Calidade e Evaluación Ambiental

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Terceiro: Que se notifique o acordo que conceda a Xunta de Goberno Local o/aos interesado/s con indicación do réxime de recursos aplicable..

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Municipal de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á remisión do Documento de Inicio da Modificación Puntual á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral Calidade e Evaluación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

3564.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DA PLANIMETRÍA DO PXOM EN COVELO- SAMIEIRA.- Dáse conta do expediente tramitado ao Pleno da Corporación e dos informes emitidos polos técnicos Municipais e que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente: "En relación ao informe remitido polo Servizo de Urbanismo da CMATI ao respecto da modificación puntual nº5 do PXOM promovida polo Concello, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

Consta o proxecto de modificación puntual do PXOM en Covelo redactado por ADPLAN arquitectura, diseño y planeamiento, SL de 28/02/2005.

Consta o oficio de remisión do expediente á CPTOPV para a emisión do informe previo á aprobación inicial.

Consta informe da CPTOPV de 30/06/2005.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

No informe da COTOPV de 30/06/2005, indicase que "pódese comprobar que a modificación proposta xorde como consecuencia de dúbidas na interpretación do planeamento urbanístico, cuestión esta que debe ser resolta co disposto no artigo 6 da Lei 9/2002 LOUG ... polo que no seu caso deberá ser subsanado o erro detectado mediante o procedemento adecuado (art. 105º da Lei 30/1992 LRJPAC) sen que isto signifique unha modificación puntual do planeamento vixente."

No mesmo informe indicase que "se o que se pretende é reclasificar unha área de solo rústico apto para urbanizar en solo urbano, deberase de redactar a correspondente modificación ..."

Dito informe conclúe que "deberase clarexa-lo obxecto da modificación presentada, ou noutro caso proceder ó trámite de corrección de erros".

Na memoria do proxecto de modificación puntual indicábase (apto. 2) que "ten por obxecto a corrección do límite do solo urbano de Covelo nos planos a 1/1000, xa que na documentación gráfica de ordenación xeral, a escala 1/5000, do PXOM gráfase un límite de solo urbano que non coincide co grafado na documentación gráfica a escala 1/1000".

Ao respecto da aclaración solicitada no informe sectorial sobre o obxecto da modificación presentada e en relación ao indicado sobre se o que se pretende é reclasificar unha área de solo rústico apto para urbanizar en solo urbano, debe aclararse que a clasificación do solo non se modifica xa que no plano 09 de ordenación xeral, a escala 1/5000, a área de solo afectada está clasificada como solo urbano (SU) e é no plano 6.2 de usos pormenorizados do solo urbano de Covelo a escala 1/1000 nos que o límite do solo urbano grafado a deixa fóra do ámbito do solo urbano clasificado.

• Respecto do alcance da modificación do plano 6.1 do PXOM, trátase dunha corrección dun erro material xa que no PXOM aprobado definitivamente non se trasladou correctamente a ese plano a clasificación de solo definida nos planos 1/5000 de ordenación xeral.

A rectificación do plano 6.1 non implica a revisión do PXOM nin a súa modificación dende o punto de vista das determinacións dos artigos 93°, 94° e 95° da LOUG, porque non se reclasifica unha área de solo rústico apto para cambia-lo a urbano xa que nos planos de clasificación dita área de solo non estaba clasificada como solo rústico apto senón como solo urbano.

Por outra banda, o erro rectificase por razóns de interese público, non se afecta á estrutura xeral e orgánica do territorio motivada pola elección dun modelo territorial distinto, non se afecta a zonas verdes, espazos libres públicos ou sistemas xerais previstos no planeamento e non se incrementan intensidades de uso por estar incluída a área en cuestión como solo urbano na ordenación xeral do municipio.

INFORME

Polo exposto, informo que tal e como se indica no informe sectorial remitido pola COTOPV, o obxecto da modificación proposta encaixa no concepto de rectificación de erro material regulado polo artigo 105 da Lei 30/92 LRJPAC modificada pola Lei 4/99 e non incumpre as determinacións da LOUG que obrigan ao procedemento de revisión ou modificación do PXOM que regula esta Lei."

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente: " Visto o expediente tramitado, con motivo da licenza de segregación solicitada por D. Manuel Fernández Rodríguez, segundo proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, redactado por "A.D.Plan - Arquitectura, Deseño e Planeamento, S.L." de 28 de febreiro de 2005, emítese o seguinte informe:

Primeiro: Consta no expediente o proxecto de modificación puntual de 28 de febreiro de 2005, encargado polo Concello, en contestación á solicitude presentada o 23 de marzo de 2004 por Dna. Pilar Arias Conde, en representación de D. Manuel Fernández Rodríguez, sobre condicións de edificabilidade dun terreo.

Segundo: Con data 6 de xullo de 2005, recibíuse no Concello o informe do Servizo de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, indicando que senón se trata de reclasificar un área de solo rústico apto para urbanizar en solo urbano, pode rectificarse o erro existente no Plan Xeral mediante o procedemento do art. 105 da lei 30/1992.

Terceiro: O proxecto de modificación puntual foi informado favorablemente polo Ministerio de Medio Ambiente, segundo informe recibido no Concello o 31 de marzo de 2006.

Cuarto: Con data 31 de marzo de 2011, a Arquitecto Municipal informa favorablemente a rectificación do erro material detectado no Plan polo trámite do art. 105 da lei 30/1992.

Por todo iso, informo que pode o Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, aprobar por maioría absoluta a rectificación do erro existente no Plan Xeral, e cuxo acordo deberá de publicarse no BOP, de conformidade co disposto no art. 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e non entrando en vigor o antedito acordo ata que transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da mesma lei.

Igualmente, o acordo que se adopte deberá de notificarse á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de conformidade co disposto no art. 92.5 da lei 9/2002, de 30 de decembro e a modificación introducida pola lei 15/2004, de 29 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. "

Informe emitido polo Secretario Xeral do Concello que dí textualmente: "EXPEDIENTE : MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLÁN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE POIO

INFORME DE SECRETARÍA
NORMATIVA APLICABLE

- Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas
- Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local
- Texto Refundido por o que se aproba a Lei do Solo mediante Real Decreto 2/2008.
- Lei 9/02 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia
- Decreto 28/99 polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 1/1992 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo Polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais
- Plán xeral de Ordeación Municipal do Concello de Poio
- Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por licencias urbanísticas
- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

ANTECEDENTES:

- Proxecto de modificación puntual do PXOM redactado por A.D.Plan Architectuta Diseño y Planeamiento S.L. Presentada con data 8 de marzo de 2005 N° RE-1188.
- Remisión a Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política territorial, Obras Públicas e Vivenda , con data 19 de abril de 2005.
- Informe do Xefe de Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial , de data 30 de xuño de 2005.
- Informe do Xefe de Servizo de Informes e Normativa da Dirección General de Costas de data 24 de marzo de 2006.

-Informe da Arquitecta Municipal de data 31 de marzo de 2011.
FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Con data 8 de marzo de 2005 N° RE-1188 se presenta no rexistro do Concello Proxecto de modificación puntual do PXOM redactado por A.D.Plan Arquitectuta Diseño y Planeamiento S.L.; proxecto de modificación puntual que ten por obxecto a corrección do limitado solo urbano de Campelo nos planos 1/1000, xa que na documentación gráfica de ordenación xeral, a escala 1/5000, do PXOM gráfase un límite de solo urbano que non coincide co grafado na documentación gráfica a escala 1/1000.

2º.- Unha vez remitido o proxecto de modificación puntual , recibíuse informe da COTOPV de data 30 de xuño de 2005 no que se indicaba que; "pódese comprobar que a modificación proposta xorde como consecuencia de dúbidas na interpretación do planeamento urbanístico, cuestión esta que debe ser esolta co disposto no artigo 6 da Lei 9/2002 LOUGA.....polo que no seu caso deberá ser subsanado o erro detectado mediante o procedemento adecuado (art. 105 da Lei 30/1992 LRXPAC)sen que isto signifique unha modificación puntual do planeamento vixente."indicándose no mesmo Informe que no caso de pretender reclasificar unha áreade solo rústico apto para urbanizar en solo urbano, se deberá redactar a correspondente rectificación.

2º.- Con data 31 de marzo de 2011 se emite Informe por a Arquitecta Municipal onde se aclara que; "...a clasificación do solo non se modifica xa que no plano 09 de ordenación xeral, a escala 1/5000, a área de solo afectada está clasificada como solo urbano e no plano 6.2 de usos pormenorizados do solo urbano de Campelo a escala 1/1000 nos que o límite do solo urbano grafado a deixa fóra do ámbito do solo urbano clasificado...", indicando no punto 5 do seu Informe que a rectificación do plano 6.1 non implica a revisión do PXOM nin a súa modificación , e que o erro que se pretende rectificar , non afecta á estrutura xeral e orgánica do territorio motivada pola elección dun modelo territorial distinto, non afecta a zonas verdes, espazos libres ou sistemas xerais previstos, e non incrementa as intensidades de uso.

3º.- Consta no expediente Informe do Xefe de Servizo de Informes e Normativa da Dirección General de Costas de data 24 de marzo de 2006 , no que se afirma que o expediente en cuestión non ten incidencia sobre o dominio público marítimo terrestre, non formulando reparos o mesmo.

4º.-O artigo 105 da Lei 30/92 LRXPAC. , no seu apartado 2 establece que; " As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.". A vista do rexime xurídico exposto e do Informe da Arquitecta Municipal de data 31 de marzo e dos restantes informes obrantes no expediente, informo favorablemente a rectificación de dito acordo.

Con independencia do anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local deste Concello , en virtude das competencias que lle otorga a Lei Reguladora das Bases do Réximen Local 7/85 de 2 de abril no seu artigo 21.1.q) poderá resolver o outorgamento ou non do solicitado

da maneira máis axustada a dereito. "

A Comisión Informativa de Urbanismo de data 10 de maio de 2011, emitiu o seguinte ditame:

Primeiro: Informar favorablemente a rectificación de erro material da planimetría do PXOM

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Terceiro: Que se notifique o acordo que conceda a Xunta de Goberno Local o/aos interesado/s con indicación do réxime de recursos aplicable..

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Municipal de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do erro existente no plano 6.1 do PXOM, nos termos indicados nos informes que se transcriben no presente acordo.

Segundo: Proceder a súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no art. 70.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e non entrando en vigor o antedito acordo ata que transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da mesma lei.

Terceiro: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

3565.-CONTRATACIÓN, ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE POIO E DEVOLUCIÓN GARANTÍAS COMPLEMENTARIAS.- Sometido a votación a ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

Dáse conta á Corporación do expediente tramitado polo Departamento de Contratación para a contratación do Servizo de Axuda no Fogar e do acordo número 3555 adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria-urxente realizada o 5 de xullo de 2011 no que se acordou aprobar a clasificación de ofertas proposta pola Mesa de Contratación e de conformidade co establecido no artigo 135 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público clasificar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por Idades, SL que oferta un prezo de 12,98 €/h máis iva, con respecto ao apartado de recursos humanos 2 traballadores sociais máis dos esixidos no prego, melloras consistentes en menú xantar a un prezo de 4,98 € e de xantar e cea a un prezo de 7,98€, 2 lavados individuais á

semana a cada un dos usuarios que supón 46 lavados, liña 900 e 185 horas máis das esixidas no prego para formación acompañando estudo de viabilidade así como requirir á empresa para que no prazo dos cinco días hábiles seguintes presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, Estado e Comunidade autónoma e Seguridade Social e Concello de Poio así como proceda á constitución da garantía definitiva por importe de 6000,00€ de conformidade co establecido na cláusula 7 do PCAP.

Con data 21 de xullo de 2011, D^a. Elvira Somoza Soage en representación de Idades, SL presenta no Rexistro Xeral escrito número de entrada 4096, no que xunta a documentación á que fai referencia o apartado anterior.

Non subscitándose debate ningún o Pleno desta Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Adxudicar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar á empresa Idades, SL por un prezo de 12,98 €/h máis iva, con respecto ao apartado de recursos humanos 2 traballadores sociais máis dos esixidos no prego, melloras consistentes en menú xantar a un prezo de 4,98 € e de xantar e cea a un prezo de 7,98€, 2 lavados individuais á semana a cada un dos usuarios que supón 46 lavados, liña 900 e 185 horas máis das esixidas no prego para formación acompañando estudo de viabilidade.

Segundo: Subscribir o correspondente contrato administrativo dentro do prazo de 10 hábiles desde a notificación do presente acordo, de conformidade co disposto no artigos 28 e 140 da LCSP.

Terceiro: Proceder á Devolución das Garantías Complementarias depositadas polos licitadores, de conformidade co establecido no PCAP.

Cuarto: Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores con indicación de que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde

o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3566.-CONTRATACIÓN, EXPEDIENTE DE SERVICIO DE BAR DA CASA DE CULTURA XAIME ISLA COUTO.- RAXÓ.- Sometido a votación a ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha de conformidade co establecido no artigo 82.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo da contratación para adxudicación do contrato administrativo especial de Explotación do servizo de bar na Casa de Cultura Xaime Isla Couto de Raxó e do acordo número 3519 adoptado polo Pleno en sesión realizada o 26 de abril de 2011 no que se acordou a aprobación do expediente a apertura do procedemento aberto e trámite ordinario.

Con data 24 de maio de 2011 publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 98 no que se estableceu un prazo de 15 días para a presentación de ofertas o que rematou o 10 de xuño de 2011, presentándose por Rexistro Xeral e dentro do prazo legalmente establecido os seguintes: D^a. M^a Fernanda Da Cunha Fernández; Agustín Santiago Tajés Barros, D. Andrés Martínez Arosa e D. Francisco Medrano Sanmartín e constando no expediente os seguintes ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A mesa de contratación na súa sesión realizada o 16 de xuño de 2011 acordou: "(...)"¹. Requirir ás empresas números:

2 Agustín Santiago Tajés Barros, para que aporte xustificación da solvencia económica e financeira mediante un informe dunha institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto do contrato e a contía do mesmo, sinale que é solvente economicamente para enfrontalo e xustificación da solvencia técnica aportando acreditación de autorización para a manipulación alimentaria ou o correspondente carné de manipulador de alimentos.

3 Andrés Martínez Arosa para que aporte documentación xustificativa da solvencia técnica aportando acreditación de autorización para a manipulación alimentaria ou o correspondente carné de manipulador de alimentos.

4 Francisco Medrano Sanmartín, para que aporte xustificación da solvencia económica e financeira aportando un informe dunha institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto do contrato e a contía do mesmo, sinale que é solvente economicamente para enfrontalo e xustificación da solvencia técnica acreditando autorización para a manipulación alimentaria ou o correspondente carné de manipulador de alimentos.

Dándolles o prazo máximo de tres días hábiles que sinala o

artigo 81.2 do vixente Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas.

2º. Declarar admitida á empresa de M^a Fernanda Dacunha Fernádes (...)"

SEGUNDO: A Mesa de Contratación na súa sesión realizada o 23 de xuño de 2011 acordou: "En primeiro lugar dáse conta do resultado do requirimento realizado en virtude do acordado na Mesa de contratación realizada o pasado día 16 de xuño de 2011, e dando cumprimento ao establecido no artigo 81.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD 1098/2001, do 12 de outubro (RXLCAP), ás seguintes empresas:

Núm. 2 Agustín Santiago Tajés Barros, para que aporte xustificación da solvencia económica e financeira e xustificación da solvencia técnica, que contesta o requirimento aportando informe de novacaixagalicia de non presentar posicións debedoras e proxecto de seguro de Arag Alquiler para a solvencia económica e fotocopia de recibo en concepto de manipulador de alimentos para o día 27 de xuño de 2011 que, a xuízo da mesa non acreditan a solvencia económica nin a técnica necesarias para tomar parte na licitación, polo que a Mesa por unanimidade acorda declarar a **inadmisión** do mesmo.

Núm. 3 Andrés Martínez Arosa para que aporte documentación xustificativa da solvencia técnica, que contesta o requirimento aportando un certificado do Centro de Estudos de Formación Alfer SL de estar anotado para realizar o curso de manipulador de alimentos que se realizará nos vindeiros días, o que non acredita a solvencia técnica necesaria para participar na licitación, polo que a Mesa por unanimidade acorda declarar a **inadmisión** do mesmo.

Núm. 4 Francisco Medrano Sanmartín para que aporte xustificación da solvencia económica e financeira e xustificación da solvencia que non contesta ao requirimento non aportando, por tanto a documentación solicitada, polo que a Mesa por unanimidade acorda declarar a **inadmisión** do mesmo.

Procédese seguidamente co acto público de apertura dos sobres **B**, criterios sometidos a xuízo de valor non avaliábeis automaticamente, tal como se indica na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, da única empresaria admitida á licitación: M^a Fernanda Da Cunha Fernandes, que inclúe unha memoria explicativa do proxecto que consiste en descrición do perfil da solicitante, o que se quere facer e relación de medios materiais, indicando cantidades e prezos que ascende a un total de 24.400,00€.

A Mesa por unanimidade acorda dar traslado desta documentación á técnica responsable do Servizo de Aperturas do Concello, para a súa valoración de acordo co sinalado nos Pregos e co apartado 2 do artigo 27 do RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, para dar o correspondente informe de valoración a esta Mesa na reunión que se convoque para o vindeiro venres día 1 de xullo de 2011."

TERCEIRO: Dando cumprimento ao acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión realizada o 23 de xuño de 2011 pola Técnica

de Aperturas emítase informe:

“CUALIFICACION PROXECTO TÉCNICO sobre B

1.- Respecto ao proxecto de organización e explotación do contrato

1.1.- Equipamento, especificando características, acreditando valor do mesmo:

1.1.a.- No equipamento non se contemplan algúns dos elementos necesarios para un servizo e funcionamento de Bar máis adecuado:

Non se contempla:

Mobles cociña para instalar maquinaria/ menaxe / outros, meseta de cociña

Cociña

Campa extractora

Fregadeiros

Termo Eléctrico ;

Grifería calidade e tipos

Cámara separadora de graxas e aceites

Vitrinas acondicionadas para exposición de alimentos: bocadillos, tapas

Teléfono

Caixa rexistradora

1.1.b.- Se propoñen investimentos:

.- De elementos de equipamento que xa existen: Taburetes, mesas, cadeiras, por importe de 4.207 euros, mobiliario que materialmente NON cabe no local destinado a Bar sito no Centro Cultural de Raxo . A mais abundamento este material debería ter as mesmas características que o existente no centro cultural por cuestións de diseño.

.- Que non especifican características, medidas, lenda, materiais:

Barra de bar : 3000 euros

Rotulación exterior : 2000 euros

Serán os Técnicos do Concello os que orienten e supervisen a proposta, dadas as condicións estéticas do centro cultural.

1.2.- Organización xeral da explotación: memoria explicativa e descritiva

1.2.a.- Non se realiza memoria de actividade explicativa e descritiva, de horarios, comidas a dar / tapas / menú día / prezos, limpeza do local, desratización e desinfección etc, etc.

1.2.b.-Con respecto o persoal que oferta dúas persoas a xornada completa , non indica prazo de duración do contrato ,soio sinala que inicialmente dedicara dúas persoas

1.3.- Mellor Plan de Conservación... ..idoneidade e adecuación do proxecto e a infraestrutura material e técnica

.- Non se inclúe ningún plan de conservación, nin fundamento técnico nin económico: Non se describe o material a instalar: características técnicas,marca, prazo e duración da garantía, etc,

polo que non sabemos si o material é novo, e prazo de duración da garantía. Polo que deberá achegar facturas de compra.

.- En canto á ventilación do local: non se contempla sistema para independizar a instalación de aire acondicionado do Centro Cultural, que paga o Concello, e o do local destinado a BAR, que pagará o adxudicatario

.- Non se contempla: o mesado de cociña nin o encastre do equipamento nesta

.- Non se contemplan as obras e planos necesarios para as instalacións:

Electricidade: a necesaria para o equipamento, previsión de potencia

Fontanería: a necesaria para o equipamento, así como auga quente e fría

Saneamento: conexións necesarias de maquinarias. O/s fregador/s antesdo seu paso previo a rede municipal debe instalar cámara separadora de graxas e aceites

.-Non se contempla instalación de extracción e evacuación de fumes e gases: instalacións necesarias e campá extractora indicando as súas características: caudal, motor tipo de filtros e provista de sistema automático de extinción de incendios para cumprir con normativa SI 4 (Detección control e extinción de incendios)"

CUARTO: A Mesa de Contratación na súa reunión realizada o 1 de xullo de 2011 e á vista do informe emitido pola Técnica, anteriormente transcrito no antecedente terceiro acorda: "A Mesa de contratación á vista do informe e asesoramento técnico do servizo correspondente, considera que a proposición non pode ser cumprida de acordo aos parámetros obxectivos que se refliten no informe, como consecuencia da inclusión por parte da interesada, de valores anormais ou desproporcionados, polo que acorda por unanimidade de asistentes, en base a o artigo 136 -2,3,4 "Ofertas con valores anormais ou desproporcionados" dar audiencia ao licitador por prazo de 10 días para que xustifique a valoración do proxecto, que precise as solución técnicas necesarias para executar a prestación do servizo, en particular todo o referente ao informe que consta nesta acta.

Acordándose igualmente deixar pendente e aprazar o segundo punto da orde do día de apertura dos sobres C correspondente a proposición ou oferta: criterios avaliábeis automaticamente mediante fórmulas, ata que o licitador presente a xustificación solicitada ou transcorra o prazo concedido ao mesmo."

QUINTO: Unha vez efectuado o requirimento a D^a. María Fernanda Da Cunha Fernádes con data 04 de xullo de 2011 e non presentándose documentación ningunha dentro do prazo de 10 días establecido a Mesa de Contratación na súa sesión realizada o 18 de xullo de 2011 acordou: "Pois ben, a Lei 30/2007, de 30 de outubro, permite que unha oferta poda ser non considerada pola inclusión de valores desproporcionados ou temerarios cando para a adxudicación se teñan en conta máis criterios que o prezo (art. 136.2º LCSP), tal e como acontece no presente expediente de licitación, no que xunto coa oferta económica incluíronse criterios subxectivos vinculados á organización e explotación do contrato (cláusula 23).

A cláusula 27 engade ademais: "...a Mesa poderá igualmente propoñer motivadamente que o procedemento se declare deserto, ben por que as ofertas non se axustan ás condicións esixidas nos pregos ou por que non son convenientes para os intereses municipais".

En función do contido do informe técnico emitido, a Mesa considerou que a oferta non pode ser cumprida por desproporcionada, polo que ante a ausencia de xustificación pola interesada, a normativa de referencia e ó abeiro do disposto nas cláusulas administrativas transcritas, a Mesa eleva á consideración do órgano de contratación a seguinte PROPOSTA:

Primeira.- Excluir da clasificación á proposición presentada por M.F.C.F., para tomar parte do procedemento de aluguer de bar da Casa de Cultura de Raxó, no Concello de Poio, por considerala desproporcionada en razón aos criterios obxectivos incluídos no informe emitido pola técnico de aperturas, non axustándose ás condicións esixidas nos pregos.

Segundo.- Non tendo sido admitidas por esta Mesa de Contratación máis licitadores, declarar deserto o procedemento de aluguer de bar da Casa de Cultura de Raxó, no Concello de Poio"

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporacion por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adhírese ao acordado polas Mesas de contratación nas súas reunión realizadas o días 16 e 23 de xuño de 2011 e 1 e 18 e xullo de 2011 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Inadmitir da licitación as propostas presentadas por D. Agustín Santiago Tajés Barros, D. Andrés Martínez Arosa e D. Francisco Medrano Sanmartín, de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na súa sesión realizada o 23 de xuño de 2011.

Segundo.- Excluir da clasificación á proposición presentada por M.F.C.F., para tomar parte do procedemento de aluguer de bar da Casa de Cultura de Raxó, no Concello de Poio, por considerala desproporcionada en razón aos criterios obxectivos incluídos no informe emitido pola técnico de aperturas, non axustándose ás condicións esixidas nos pregos.

Terceiro.- Non tendo sido admitidas pola mesa de Contratación máis licitadores, declarar deserto o procedemento de aluguer de bar da Casa de Cultura de Raxó, no Concello de Poio, de conformidade cos termos establecidos na proposta da Mesa de Contratación na súa sesión realizada o 1 de xullo de 2011.

Cuarto: Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores con indicación de que contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte

ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3567.-INICIACIÓN EXPEDIENTE PARA ELIXIR XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO.- Sometido a votación a ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha de conformidade co establecido no artigo 82.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP.

Dáse conta do expediente tramitado a instancia da comunicación recibida o 18 de xullo de 2011, núm. 4042 do Tribunal Superior de Xustiza en relación á elección de Xuíz de Paz Substituto.

Consta no expediente proposta da alcaldía de data 19 de xullo de 2011 na que en virtude do disposto no artigo 101,4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, propón que a elección de Xuíz de Paz Substituto sexa realizada polo Tribunal Superior de Xustiza.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou a proposta da alcaldía de data 19 de xullo de 2011 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar que a elección de Xuíz de Paz sexa realizada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en virtude do disposto no artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Segundo: Comunicar o presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3568.- SECRETARÍA, DESIGNACIÓN REPRESENTANTES NA ASEMBLEA XERAL DA REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SOSTIBILIDADE.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, dáse conta pola Secretaria Xeral da proposta da alcaldía de data 22 de xullo,

realizada en virtude da comunicación recibida neste Concello o 21 de xullo de 2011 da Federación Galega de Municipios e Provincias, e que di o que segue: "Visto o escrito de data 20 de xullo de 2011 que tivo entrada neste Concello o 21 de xullo de 2011, núm. 4108 remitido pola Federación Galega de Municipios e Provincias de Galicia no que solicita a designación dun vocal titular e un suplente que actuará como representante deste Concello na Asemblea Xeral da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade e tendo en conta que este Concello está adherido á devandita Rede mediante acordo do Pleno adoptado en sesión ordinaria-supletoria realizada o 25 de xuño de 2008 PROPOÑO

Primeiro: Designar a esta Alcaldía como vocal titular e D. Gregorio Luís Agís Gómez como vocal suplente, como representantes deste Concello na Asemblea Xeral da Rede Galega de Concellos para Sostibilidade.

Segundo: Elevar, por razón de urxencia, esta proposta ao Pleno desta Corporación na sesión que realice o vindeiro 26 de xullo de 2011, para a súa aprobación e posterior remisión a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)."

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou a proposta da alcaldía de data 22 de xullo de 2011 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Designar a esta Alcaldía como vocal titular e D. Gregorio Luís Agís Gómez como vocal suplente, como representantes deste Concello na Asemblea Xeral da Rede Galega de Concellos para Sostibilidade.

Segundo: Remitir o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)."

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas, da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretario, dou fe.